



APELIDOS, NOME

D.N.I.

AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE TRABALLO MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA.
(DOG: 24-03-2015)

CATEGORÍA: CONDUCTOR/CELADOR

PARTE COMÚN

ADVERTENCIAS:

- Non abra este cuestionario ata que llo indiquen.
- Para abrir o cuestionario, introduza a man no caderno e, cun movemento ascendente, corte pola parte dereita do caderno (vexa a figura esquina inferior dereita).
- Se observa algunha anomalía na impresión do cuestionario, solicite a súa substitución.
- Escriba os seus datos persoais no recadro superior.
- O tempo de realización deste exercicio é de **15 minutos**.
- Este cuestionario consta de 10 preguntas máis 2 preguntas de reserva. As preguntas deste cuestionario deben ser contestadas na “folia de exame” entre os números 1 e 12.
- En cada pregunta existe unha e só unha resposta correcta.
- Todas as preguntas de cada exercicio teñen o mesmo valor.
- As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.
- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na “folia de exame” é o que corresponde ao número de pregunta do cuestionario.
- Só se terán en conta as respostas marcadas na súa “folia de exame” que se lle entrega xunto co caderno.
- Este cuestionario pode utilizarse na súa totalidade como borrador.
- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán do cuestionario bilingüe, prevalece este último para os únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución poderán expresarse de maneira unívoca.
- Non se permite o uso de calculadora, libro nin documentación ningunha, móbil nin ningún outro elemento electrónico.
- Se terminou de realizar o seu exercicio, advírtallo á organización para que lle recolla este cuestionario e a “folia de exame”, da que se lle entregará a terceira copia. Malia o anterior, se acaba durante os 5 últimos minutos do tempo límite fixado para realizar o exercicio, permanecerá no seu asento ata que se lle recollan os anteriores documentos.

- **SOBRE A FORMA DE CONTESTAR NA «FOLIA DE EXAME», LEA MOI ATENTAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO SEU DORSO.**
- **ESTE CUESTIONARIO DEBERÁ SER DEVOLTO COMPLETO AO FINALIZAR O EJERCICIO.**

ABRA SOAMENTE CANDO O INDIQUE O TRIBUNAL



1. De conformidade co artigo 7 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal que fagan referencia á saúde das persoas poderán ser solicitados, tratados e cedidos cando, por razóns de interese xeral:
- A) Así o dispoña unha lei.
 - B) A persoa afectada o consinta expresamente.
 - C) Así o acorde a autoridade competente en materia sanitaria.
 - D) As respostas A e B son correctas.
2. A competencia en materia de sanidade exterior e de acordos sanitarios internacionais é:
- A) Exclusiva do Estado.
 - B) Compartida. O Estado ditará a normativa básica e o seu desenvolvemento normativo corresponderalles ás comunidades autónomas.
 - C) Exclusiva das comunidades autónomas.
 - D) Exclusiva das comunidades autónomas, sempre que así o recoñezan os seus estatutos de autonomía.
3. A Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal será de aplicación:
- A) Aos datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico, que os faga susceptibles de tratamento, almacenados tanto no sector público como no privado. Quedan excluídos os posibles usos posteriores de tales datos.
 - B) Aos datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico, que os faga susceptibles de tratamento, e a toda modalidade de uso posterior destes datos polo sector público, de forma obrigatoria, e polo sector privado, como recomendación.
 - C) Unicamente aos datos almacenados electronicamente, susceptibles de tratamento, e a toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado.
 - D) Aos datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico, que os faga susceptibles de tratamento, e a toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado.
4. O acto de doar sangue é:
- A) Voluntario, altruísta, anónimo, universal e gratuíto.
 - B) Obrigatorio, altruísta, anónimo, universal e gratuíto.
 - C) Voluntario, altruísta, anónimo, universal e oneroso.
 - D) Voluntario, altruísta, anónimo, particular e oneroso.
5. O artigo 1.2 da actual Constitución española establece:
- A) A capitalidade do Estado en Madrid.
 - B) A máxima autoridade do Estado na figura do rei.
 - C) Que a soberanía nacional reside no pobo español.
 - D) Que a soberanía nacional reside nos poderes públicos.
6. Quen aprobou a Constitución española de 1978?
- A) O rei.
 - B) O pobo español.
 - C) As Cortes Xerais.
 - D) O Congreso dos Deputados.

7. Segundo o artigo 3 do Estatuto de autonomía de Galicia, é imprescindible para poder gozar da condición política de galego:
- A) Ser español.
 - B) Ter veciñanza xudicial en Galicia.
 - C) Residir en Galicia.
 - D) As respostas A e B son correctas.
8. Segundo o Estatuto de autonomía de Galicia, cal das seguintes non constitúe unha función do Parlamento de Galicia?
- A) Exercer a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - B) Elixir entre os seus membros o presidente da Xunta de Galicia.
 - C) Interpoñer recursos de inconstitucionalidade.
 - D) Exercer o poder executivo da Comunidade Autónoma de Galicia.
9. Segundo o Real decreto 1088/2005, enténdese por compoñente sanguíneo:
- A) Calquera dos compoñentes do sangue (hemacias, leucocitos, plaquetas e plasma), con independencia dos fins para os que sexan utilizados.
 - B) Calquera dos compoñentes do sangue (hemacias, leucocitos, plaquetas e plasma) utilizados con fins terapéuticos.
 - C) Calquera dos compoñentes do sangue (hemacias e leucocitos) utilizados con fins terapéuticos, excepto plaquetas e plasma.
 - D) As plaquetas e o plasma unicamente.
10. O artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia establece as competencias exclusivas da Comunidade Autónoma. Sinale, entre as seguintes, cal non é unha competencia exclusiva da comunidade:
- A) Organización das súas institucións de autogoberno.
 - B) Ordenación do territorio e litoral, urbanismo e vivenda.
 - C) Sanidade exterior e lexislación sobre produtos farmacéuticos.
 - D) Asistencia social.
11. Cal é a norma básica estatal que regula a hemodoazón?
- A) Real decreto 1088/2005, do 16 de setembro.
 - B) Real decreto 62/2003, do 17 de xaneiro.
 - C) Non existe normativa estatal básica nesta materia.
 - D) Real decreto 1945/1985, do 9 de outubro.
12. De acordo co artigo 11 do Estatuto de autonomía de Galicia, o Parlamento de Galicia estará constituído por deputados elixidos mediante sufraxio libre, universal, igual, directo e secreto. En todo caso, a circunscrición electoral é:
- A) A provincia.
 - B) A comunidade autónoma.
 - C) O concello.
 - D) A parroquia.